

## V Concurso de Carteis Entroido 2011

Con motivo da celebración do Entroido do ano 2011, o Concello de Lugo convoca o concurso de carteis, tendo en conta as seguintes bases:

1. **Participantes:** Poderán concursar todas as persoas que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade ou residencia.
2. **Número de obras:** Unha por autor/es.
3. **Texto e requisitos:** No cartel deberá figurar o seguinte texto: “Entroido 2011, 4-9 de marzo- Concello de Lugo”, e será requisito indispensable que a imaxe corporativa do Concello de Lugo figure no cartel.  
Os carteis que se presenten deben ser orixinais e inéditos e que non obtiveran ningún tipo de premio en concursos de similares características.
4. **Técnica e presentación:** Non existirán límites de tintas nin de procedementos. Presentarase sobre soporte ríxido que facilite a súa posible exposición.
5. **Tamaño:** Libre.
6. **Prazo e lugar de presentación:** O prazo para a presentación de carteis rematará o 11 de febreiro, ás 14.30 horas, e entregaranse na Concellería de Cultura situada na praza Maior, 1, 27001, Lugo. Nas obras non aparecerán nin o nome nin a sinatura do autor ou autores. Debe consignarse no dorso o título ou lema da obra. Ese mesmo título ou lema figurará nun sobre pechado no que se incluírá, unha vez cuberto, o boletín de inscrición que acompaña estas bases ou no seu defecto deberanse facer constar os seguintes datos: nome, apelidos, NIF, enderezo postal, correo electrónico e teléfono. Cando se produza a recepción do traballo asignarase igual número ó sobre e ó traballo, para os efectos de identificación.
7. **Premio:** Establécese un premio dotado con 600 €. O devandito cartel quedará en propiedade do Concello de Lugo, que reservará para si todos os dereitos de reprodución.
8. **Devolución:** Os carteis non retirados no prazo de quince días pasarán a ser propiedade do Concello.
9. **Xurado:** Estará composto por persoas de recoñecido prestixio e vinculadas coa tradición do Entroido na nosa cidade.
10. **Aceptación:** O tomar parte neste concurso supón a plena aceptación das BASES.

### V CONCURSO DE CARTEIS DE ENTROIDO 2011

#### BOLETÍN DE INSCRICIÓN

Nome e apelidos:-----

Enderezo:-----

CP:----- Localidade:-----

Provincia:----- Teléfono:-----

Correo-e-----

NIF nº:-----

Título ou lema da obra:-----

Técnica empregada:-----

**PRAZO DE ADMISIÓN: ATA O DÍA 11 DE FEBREIRO DE 2011.**

(Imaxe corporativa)  
Concello de Lugo  
Concellería de Cultura

www.lugo.es  
cultura@concellodelugo.org